

**CONCELLO
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

NÚM. EXPTE.: 46513/220.

ANUNCIO**O.E.P. 2020-2021-2022, 2ª FASE, OFICIAL ALBANEL, OPOSICIÓN LIBRE
RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES E NOVA PUNTUACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA
OPOSICIÓN, CUESTIONARIO TIPO TEST.**

O **órgano de selección** para a provisión de tres prazas de oficial albanel, en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, O.E.P. 2020-2021-2022, 2ª fase, do Concello de Vigo, sistema de selección oposición libre (bases xerais publicadas no BOPPO 03/06/2024, 30/08/2024; **en sesión do 21/01/2026, acordou resolver as reclamacións** respecto do primeiro exercicio da oposición nos seguintes termos:

**“RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Ó PRIMEIRO EXERCICIO DA
OPOSICIÓN, TIPO TEST.****1.- Reclamación presentada por Alonso Vidal, T. (doc. 260011774, do 16/01/2026).**a) Reclamación á pregunta 15 do exercicio:

Motivo: alega que a pregunta está mal formulada porque non se indica o tipo de ladrillo que imos a usar. O espesor da parede ou asta dun ladrillo dependente directamente do tipo, dimensións do ladrillo utilizado. Solicita que se anule a pregunta 15.

Acordo: o órgano de selección indica que a pregunta é textual do Libro “Temario General y Test para oposiciones”. Editorial Mad, S.L.. Edición setembro 2002. ISBN 84-665-1749-9., pregunta 5 do test 5 (páxina 140) sobre construción de muros e tabiques.

O tema 5 de dito libro establece que *“los espesores de las obras de fábrica con ladrillos vienen determinados por la soga o longitud mayor del ladrillo ordinario que es de 29 cm. En función de los espesores de paredes se clasifican en: pared de media asta que es una pared de un espesor aproximado de 15 cm. Pared de asta que es una pared con un espesor aproximado de 30 cm. Pared de asta y media, la que tiene un espesor de 45 cm. Pared de doble asta, o pared de 60 cm.”*

Por tanto, tendo en conta o indicado neste libro a resposta correcta é a da opción b), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

b) Reclamación á pregunta 26 do exercicio:

Motivo: alega que a pregunta ten varias respostas posibles, dándose por reproducidas as alegacións formuladas entre as que indica que o sifón e unha peza clave para detectar atascos nas tuberías e soluciónalos. Sinala que podemos retirar a tapa a eliminar a sucidade que se vai acumulando co paso do tempo. Solicita que se anule a pregunta 26.

Acordo: o órgano de selección indica que a pregunta é textual do Libro “Temario General y Test



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2026 14:58

Páxina 1 de 7

260017987

CSV: A4A4DD-DB82BF-A2C9EB-MHG9PM-BXNK9G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

para oposicións". Editorial Mad, S.L.. Edición setembro 2002. ISBN 84-665-1749-9., pregunta 14 do test 4 (páxina 135) sobre, entre outros, redes de sumidoiros.

O tema 4 de dito libro, páxina 67, sobre evacuación de augas indica que: *"los desagües individuales deben construirse de tal forma que constituyan un perfecto aislamiento estanco que impida la salida de malos olores. El aislamiento más perfecto se consigue con el llamado cierre hidráulico, consistente en un sifón cuyas dos ramas quedan llenas de agua cuando se vacía la tubería o el depósito, impidiendo así el paso de vapores de una a otra de sus ramas"*.

Por tanto, tendo en conta o indicado neste libro a resposta correcta é a da opción b), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

c) Reclamación á pregunta 40 do exercicio:

Motivo: alega que segundo o temario específico de albanería de ADAMS, a escaiola é o xeso branco de maior calidade, de fabricación esmerada e grande finura que se emprega para decoración, molduras, falsos teitos, etc....., polo que a resposta correcta sería a opción "b) escaiola". Solicita que se cambie como resposta correcta a da opción b).

Acordo: o órgano de selección indicou, por erro, na plantilla de respostas que a resposta correcta á pregunta 40 é a da opción "a) xeso branco" e puntuou os exercicios considerando como resposta correcta a esta pregunta a opción a). Revisado o manual do que se obtivo a pregunta, libro "Ayudantes de oficios Ayuntamiento de Vigo. Test específico y supuestos prácticos". Editorial CEP, S.L.. Edición agosto 2010. ISBN 978-84-681-0528-4.", pregunta 17 do test 7, páxina 58, a resposta correcta sería a da opción "b) escaiola" que sinala o alegante.

Por tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación formulada e considera que a resposta correcta á pregunta 40 do exercicio é a da opción "b) escaiola", polo que procede unha nova avaliación e puntuación dos exercicios dos aspirantes considerando na pregunta 40 que a resposta correcta é a da opción "b) escaiola".

2.- Reclamación presentada por Bastos Cabaleiro, F. (doc. 260011760, do 16/01/2026):

a) Reclamación á pregunta 9 do exercicio:

Motivo: dánse por reproducidas as alegacións formuladas entre as que argumenta que non se especifica de que tipo de nivel estamos falando sendo, a priori, a palabra nivel a que nos induce a pensar no instrumento alargado con forma de barra cun tubo pequeno transparente o cal leva no seu interior alcohol ou éter e unha burbulla de aire que é a que indica a inclinación horizontal e/ou vertical. Sinala, tamén, a definición da RAE para "nivel de albañil" que reproduce. Solicita que se cambie a resposta correcta a esta pregunta da opción c) á opción a).

Acordo: o órgano de selección indica que a pregunta é textual do libro "Ayudantes de oficios Ayuntamiento de Vigo. Test específico y supuestos prácticos". Editorial CEP, S.L.. Edición agosto 2010. ISBN 978-84-681-0528-4.", pregunta 11 do test 4, páxina 13, cuxa resposta correcta é a da opción c) xa que o nivel serve para comprobar a planeidade e, tamén, comprobar a altura.

O órgano de selección sinala que como o propio reclamante indica na súa alegación, "(...). El más



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2026 14:58

Páxina 2 de 7

260017987

CSV: A4A4DD-DB82BF-A2C9EB-MHG9PM-BXNK9G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

común es el nivel de burbuja, pero también existen niveles láser y de manguera. (...), e é precisamente o nivel de manguera ou de vasos comunicantes o que permite comprobar a altura.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima a reclamación formulada.

b) Reclamación á pregunta 10 do exercicio:

Motivo: dánse por reproducidas as alegacións formuladas entre as que sinala que a pregunta ten dúas respostas válidas porque tanto o fratás como a llana serven para estender, mesturar e alisar, a única diferenza entre elas é o nivel de acabados e como na pregunta non se especifica se estamos ante un enfoscado ou un enlucido, calquera das dúas pode estender, mesturar e alisar. Cita varias fontes nas que describe para que se utilizan estas ferramentas, tipos, etc... Solicita que se anule a pregunta 10 e se pase a seguinte de reserva.

Acordo: o órgano de selección indica que a pregunta é textual do libro “Ayudantes de oficios Ayuntamiento de Vigo. Test específico y supuestos prácticos”. Editorial CEP, S.L.. Edición agosto 2010. ISBN 978-84-681-0528-4.”, pregunta 8 do test 4, páxina 13, cuxa resposta correcta é a da opción “b) a llana”.

Ainda que o fratás está indicado para a operación de fratasado que non é nin estender, nin mesturar, nin alisar superficies, existen outros textos que atribúen algunha destas operacións ao fratás, por exemplo, Tema 4, páxina 426, do libro “Ayudantes de Oficios. Peones Especializados. Temario”. Adams. Edición maio 2020. ISBN 978-84-1327-564-2, indica que o fratás ou fletán “se utiliza para igualar y alisar el mortero” e o mesmo libro á llana atribúelle a función de “extender y aplanar morteros”, pero non mezclar nin alisar, polo que ante a ambigüidade da pregunta, o órgano de selección considera que se debe anular e, no seu lugar, entrar a avaliar e puntuar a de reserva.

Por tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación, anular a pregunta 10 e, no seu lugar, entrar a avaliar e puntuar a pregunta número 41 (primeira de reserva), polo que procede unha nova avaliación e puntuación dos exercicios dos aspirantes considerando a pregunta 41 no canto da pregunta 10 que queda anulada.

c) Reclamación á pregunta 25 do exercicio:

Motivo: dánse por reproducidas as alegacións formuladas nas que considera que ningunha das respostas é correcta. Indica que a única opción que fai referencia realmente á rede de evacuación de augas é a b) xa que si que é verdade que hai unha red separativa pero a unitaria é una opción que a día de hoxe non se contempla como se describe no CTB-DB-HS5 para previr a saturación nas estacións de depuración e faltando tamén a mixta para completar a opción b), polo tanto ningunha opción está ben. Sinala tamén que no propio PXOM de Vigo a única que se contempla é a separativa, no artigo 170 “Tipo rede”. Solicita a anulación da pregunta 25 e se pase á seguinte de reserva.

Acordo: o órgano de selección sinala que a pregunta é textual do Libro “Temario General y Test para oposiciones”. Editorial Mad, S.L.. Edición setembro 2002. ISBN 84-665-1749-9., pregunta 13 del test 4 (páxina 135) sobre, entre outros, redes de alcantarillado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2026 14:58	Páxina 3 de 7
260017987	CSV: A4A4DD-DB82BF-A2C9EB-MHG9PM-BXNK9G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

O tema 4 do dito libro, páxina 67, sobre evacuación de augas indica que: *“en los edificios, la salida de las aguas desechadas después de su empleo y las recibidas de la lluvia se lleva a cabo a través de una serie de tuberías que lleva el nombre de red de evacuación de aguas residuales y pluviales. Toda instalación puede considerarse dividida en dos partes, red vertical y red horizontal.”*

Dado que o enunciado da pregunta, non fai referencia á evacuación das augas dos edificios, as respostas b) e c) son ambíguas polo que procede anular esta pregunta.

Por tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación, anular a pregunta 25 e, no seu lugar, entrar a avaliar e puntuar a pregunta número 42 (segunda de reserva), polo que procede unha nova avaliación e puntuación dos exercicios dos aspirantes considerando a pregunta 42 no canto da pregunta 25 que queda anulada.

d) Reclamación á pregunta 37 do exercicio:

Motivo: alega que ten dúas posibles respostas porque tanto o fratás como a espátula non son ferramentas de picado. Cita varias referencias a definicións de utilidades da espátula. Solicita que se anule a pregunta 37 e se pase á seguinte de reserva.

Acordo: o órgano de selección revisa a pregunta e considera que ten dúas resposta posibles a da opción c) e a da opción d) xa que tanto a espátula como o fratás non son ferramentas de picado.

Por tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación, anular a pregunta 37 e, no seu lugar, entrar a avaliar e puntuar a pregunta número 43 (terceira de reserva), polo que procede unha nova avaliación e puntuación dos exercicios dos aspirantes considerando a pregunta 43 no canto da pregunta 37 que queda anulada.

3.- Reclamacións presentadas por Rodríguez Lago, J. M. (doc. 260011815, doc. 260011816, doc. 260011819 de 17/01/2026).

a) Reclamación á pregunta 25 do exercicio:

Motivo: dánse por reproducidas as alegacións formuladas e indica que a opción c) que sinala como correcta o tribunal non é válida, xa que a correcta é a da opción b) unitaria e separativa como especifican os manuais de fontanería e o Código Técnico de Edificación (Rd 314/2006, de 17 de marzo). Tamén achega fotocopia do temario oficial de ADAMS, tema 3 específico de fontanería. Solicita que se considere como resposta correcta á pregunta 25 a da opción b).

Acordo: o órgano de selección acorda estimar a reclamación formulada nos termos e polos motivos invocados para estimar a reclamación de Bastos Cabaleiro, F. a esta pregunta 25.

b) Reclamación á pregunta 26 do exercicio:

Motivo: dánse por reproducidas as alegacións formuladas entre as que indica que a resposta b) sinalada polo tribunal é incompleta xa que tamén é función dos sifóns evitar atascos ou tapóns e achega fotocopia do temario oficial de MAD, tema 9, oficios de albanelería, pág. 309. Solicita que se considere a pregunta nula xa que ten dúas posibles respostas válidas.



Copia do documento - Concello de Vigo

260017987

Data impresión: 22/01/2026 14:58

Páxina 4 de 7

CSV: A4A4DD-DB82BF-A2C9EB-MHG9PM-BXNK9G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

Acordo: o órgano de selección acordar desestimar a reclamación formulada polos mesmos motivos invocados para desestimar a reclamación de Alonso Vidal, T. a esta pregunta 26.

c) Reclamación á pregunta 40 do exercicio:

Motivo: alega que o tribunal sinala como correcta a opción a) e que esta opción non é válida, sendo a correcta a opción “b) *escaiola*” con fundamento en manuais e temarios específicos, temario MAD, tema 7, materias de construción clases e aplicación, páx. 261, da cal achega fotocopia. Solicita que se revise a pregunta e se considere como resposta correcta a opción b).

Acordo: o órgano de selección acorda estimar a reclamación formulada nos termos e polos motivos sinalados na reclamación de Alonso Vidal, T. a esta pregunta 40.

4.- Reclamación presentada por Vázquez Rodríguez, J. (doc. 260011862, de 18/01/2026)

a) Reclamación á pregunta 7 do exercicio:

Motivo: dánse por reproducidas as alegacións formuladas entre as que sinala que tal e como está redactada a pregunta non se especifica desde donde provén a humidade polo que habería tres tipos de respostas, por filtración, por capilaridade e por condensación. Solicita que se cambie a resposta correcta que sería a da opción “d) *ningunha das anteriores é correcta*” por non especificar de onde proven a zona húmida.

Acordo: o órgano de selección indica que a pregunta é textual do libro “Ayudantes de oficios Ayuntamiento de Vigo. Test específico y supuestos prácticos”. Editorial CEP, S.L.. Edición agosto 2010. ISBN 978-84-681-0528-4.”, pregunta 6 do test 9, páx. 86, cuxa resposta correcta é a da opción a) humidade por capilaridade.

O órgano de selección fai constar que non é correcto o argumento do reclamante no que indica que tamén podería ser válida a resposta “c) *humidade por condensación*”, dado que esta se produce en superficies non porosas. Polo tanto, a única resposta posible para superficies porosas é da opción “a) *humidade por capilaridade*”.

O órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

b) Reclamación á pregunta 10 do exercicio:

Motivo: alega que en ningún caso está especificado que a llana serve para mesturar ningún tipo deses materiais (xeso, morteiro, cemento, pasta) xa que para mesturar materiais de construción utilízase outro tipo de ferramentas. Solicita anular a pregunta por non haber ningunha resposta correcta.

Acordo: o órgano de selección acorda estimar a reclamación formulada nos termos e polos motivos sinalados na reclamación de Bastos Cabaleiro, F. a esta pregunta 10.

c) Reclamación á pregunta 15 do exercicio:

Motivo: sinala que en construción o termo asta refírese á dimensión dun muro segundo a lonxitude



Copia do documento - Concello de Vigo

260017987

Data impresión: 22/01/2026 14:58

Páxina 5 de 7

CSV: A4A4DD-DB82BF-A2C9EB-MHG9PM-BXNK9G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

do ladrillo utilizado, non é un tipo de ladrillo senón unha forma de medir o grosor da parede. A definición de asta equivale á lonxitude total do ladrillo, aproximadamente entre 24 e 25 cm dependendo do formato estándar local. Solicita que se anule a pregunta por non haber ningunha resposta correcta.

Acordo: o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada polos mesmos motivos invocados para desestimar a reclamación de Alonso Vidal, T. a esta pregunta 15.

d) Reclamación á pregunta 40 do exercicio:

Motivo: alega que a escaiola é un produto industrial, un xeso de alta calidade e grao moi fino, con pureza maior do 80%. Solicita que se cambie como resposta correcta a da opción “b) escaiola”.

Acordo: o órgano de selección acorda estimar a reclamación formulada nos termos e polos motivos sinalados na reclamación de Alonso Vidal, T. a esta pregunta 40.””

Asemade, o mesmo **órgano de selección en sesión do 22/01/2026**, como resultado da resolución das reclamación, procedeu a unha nova avaliación e puntuación dos exercicios dos aspirantes considerando que se anulan as preguntas 10, 25 e 37, substituíndoas polas 41, 42 e 43 de reserva, e na pregunta 40 considérase correcta a resposta da “*opción b)*” no canto da “*opción a)*”. O órgano de Selección **outorga a seguinte puntuación ós aspirantes no primeiro exercicio do proceso selectivo:**

ID	Ben	Mal	NC	Nota
110351	29	9	2	6.125
110464	33	2	5	8.000
110577	22	9	9	4.375
110690	27	8	5	5.750
110703	32	3	5	7.625
110816	33	6	1	7.500
110929	22	18	0	3.250
111023	30	5	5	6.875
111136	24	16	0	4.000
111249	23	7	10	4.875
112951	27	6	7	6.000

O que se fai público para coñecemento dos aspirantes, concedéndolles un prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio para que, de ser o caso, poidan interpoñer reclamación en relación única e exclusivamente con erros respecto das puntuación outorgadas ou o contido das preguntas de reserva, números 41 a 46. Non se admitirán reclamacións respecto do contido das preguntas 1 a 40 que xa foron obxecto do correspondente prazo de reclamación, sen prexuido dos recursos que legalmente procedan.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2026 14:58

Páxina 6 de 7

260017987

CSV: A4A4DD-DB82BF-A2C9EB-MHG9PM-BXNK9G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**
**Órgano selección do proceso selectivo de tres
prazas de oficial albanel, oposición libre,
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**
Plantilla de respostas correctas

1	D	21	A
2	A	22	A
3	A	23	B
4	D	24	B
5	A	25	Anulada. Substituída pola 42
6	A	26	B
7	A	27	D
8	C	28	D
9	C	29	C
10	Anulada. Substituída pola 41	30	C
11	D	31	C
12	D	32	B
13	C	33	A
14	C	34	D
15	B	35	D
16	D	36	A
17	C	37	Anulada. Substituída pola 43
18	A	38	D
19	D	39	C
20	C	40	B

41	A
42	D
43	D
44	D
45	B
46	C

Por último, faise público para coñecemento dos aspirantes que o vindeiro día, 4 de febreiro de 2026, ás 09:00 horas, no Servizo de Conserxería, planta baixa da Casa do Concello, o órgano de selección procederá, en sesión pública, á apertura do sobre que contén os documentos identificativos dos aspirantes do primeiro exercicio da oposición, tipo test (ID, nome e apelidos e DNI de cada aspirante).

Vigo, sinatura electrónica

O presidente do órgano de selección.- Benjamín A. Collazo Rodríguez

O secretario do órgano de selección.- Secundino Otero Failde

